



Confederación Intersindical Galega

AO SUBDELEGADO DO GOBERNO EN OURENSE

MANOEL ANXO GARCÍA TORRES, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405-J, en cualidade de responsábel de organización da Unión Local da CIG de Verín e A Limia e con enderezo a efectos de comunicacións na vila de Verín, Casa Sindical, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º andar (Correo-e: anxo@galizacig.gal ou verin@cig-verin.gal. Fax: 988411013), perante o **SUBDELEGADO DO GOBERNO** en Ourense comparezo e, como melhor proceda, **DIGO**:

1º.- Que desde, hai uns anos, se iniciaron as obras do AVE, nos treitos de Lubián, A Gudinha, Viana do Bolo, Campobeceros, Laza e Vilar de Barrio, ás condicións laborais dos operarios/as desas zonas, foron degradándose de tal xeito que, na actualidade, pódese dicir marxean coa miseria laboral e o terceiromundismo.

2º.- Que ás xornadas maratonianas de traballo (10 e 12 horas), aos contratos precarios, ás subcontratas que non pagan porque están quebradas, aos infrasalarios, ás condicións de hixiene e saúde laboral terceiromundistas, aos accidentes de traballo que provocan mortes, temos que sumar os sistemáticos PECHAMENTOS PATRONAIS das obras do AVE, con despedimentos masivos de traballadores/as; como os que se están a impor nestes días.

3º.- Que non é a primeira vez que a Unión Local da CIG de Verín e A Limia denuncia esta situación de subemprego e precaridade laboral, mesmo, perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguranza Social de Ourense.

4º.- Que ao pé do realatado atopámonos cumha enorme atomización empresarial, de contratas e subcontratas, nos distintos treitos do AVE de Lubián á Vilar de Barrio; mais preocupadas por maximizar os seus beneficios empresariais que por realizar, correcta e axilmente, o traballo para o que foron contratadas e, moito menos, por dar un mínimo cumprimento á lexislación en materia de dereitos dos traballadores/as.

5º.- Que a Unión Local da CIG de Verín e A Limia considera que a acción, revelada, no día de hoxe, polo xornal "La Voz de Galicia" e protagonizada por varias empresas do AVE, consistente en pechar os talhos das obras da liña do AVE como método de presión pra conseguir certos obxectivos económico-empresariais, podería estar a vulnerar o dereito ao traballo, constitucionalmente protexido, e, mesmo, a incorrer numha situación de PECHAMENTO PATRONAL ILEGAL, proscria polo RD 17/1977, de 4 de Marzo sobre relacións de traballo.

Artigo 12

1. Os empresarios só poderán proceder ao pechamento do centro de traballo en caso de folga ou calquera outra modalidade de irregularidade colectiva no réxime de traballo, cando concorra algunha das circunstancias que seguen:

- a) Existencia de notorio perigo de violencia para as persoas ou de danos graves para as cousas.*
- b) Ocupación ilegal do centro de traballo ou de calquera das súas dependencias, ou perigo certo de que esta se produza.*
- c) Que o volume da inasistencia ou irregularidades no traballo impidan gravemente o proceso normal de produción.*



Confederación Intersindical Galega

2. O pechamento patronal, efectuado dentro dos termos establecidos no presente Real Decreto-lei, producirá respecto ao persoal afectado os efectos previstos nos parágrafos 1, 2 e 3 do artigo 6 do mesmo.

Artigo 15

O empresario que procedese ao pechamento do centro de traballo, agás nos supostos previstos no artigo 12, será sancionado na forma e polos órganos que establece o Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orden Social.

As sancións que establece devandito artigo enténdense sen prexuízo da obrigaón empresarial de reabrir o centro de traballo ilicitamente pechado e de abono aos traballadores que deixen de prestar os seus servizos como consecuencia do pechamento do centro de traballo os salarios xerados durante o período de pechamento ilegal.

6º.- Que é preciso, co obxecto de evitar os abusos que se están a cometer na citada obra, derivados da conxunción entre a acción especulativa de certas empresas e da necesidade de emprego existente na zona, que o Ministerio de Fomento tome cartas no asunto e promova, xunto coas organizacións sindicais, cos traballadores/as e coas adxudicatarias, o establecemento dun marco normativo mínimo, en materia de relacións laborais, de obrigado cumprimento para todas as patronais da liña do AVE.

Non se trata, exclusivamente, dun problema de inspección e sancións ás empresas, senón da urxente necesidade de regular uns mínimos dereitos laborais que as adxudicatarias deben garantir a todos os traballadores e traballadoras que contraten pra prestar tais servizos.

7º.- Que, complementariamente, informamos a isa Subdelegación que é intención da CIG levar a cabo as seguintes accións, en defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras: convocatoria de asemblea xeral de traballaes/as das obras do AVE dos treitos de Lubián a Vilar de Barrio, pro día 26 de Marzo, ás 20.00 horas, na Casa Sindical de Verín, interposición de denuncia perante os Xulgados de Instrución competentes, dos feitos relatados.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que, se ordene a incoación, por medio das Inspeccións Provinciais de Traballo e Seguranza Social de Ourense e Zamora, de procedimentos de investigación sobre os pechamentos patronais impostos, nos últimos días, por algunhas adxudicatarias e contratadas de certos treitos das obras da liña do AVE, concretamente nos tuneis da zona de Laza.

Que, no caso de que se verifiquen as condutas denunciadas, se proceda a sancionar ás empresas responsábeis implicadas en tais incumprimentos, consonte co disposto na Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social; imponhendo a obriga de readmisión de todos os traballadores/as despedidos/as, así como a de reanudación das obras paralizadas.

Que, igualmente, se ponhan en coñecemento dos Xulgados de Instrución das comarcas de Verín, Xinzo de Limia, A Póvoa de Sanabria e A Póvoa de Trives, os resultados das inspeccións laborais que se realicen, co obxecto de que se abran dilixencias de



Confederación Intersindical Galega

investigación, dirixidas a aclarar se tais comportamentos incorreron nos tipos delitivos previstos no Título XV do Código Penal: "delitos contra os dereitos dos traballadores/as".

Que, a maior brevidade posíbel, se conceda a esta organización sindical, umha entrevista co Subdelegado do Goberno, no día e hora que se considere oportuno, co obxecto de expor a ise representante gobernamental, a proposta sindical de establecemento dun marco normativo mínimo, en materia de relacións laborais, de obrigado cumprimento para todas as patronais que operen da linha do AVE.

En Verín, a 18 de Marzo do 2015

Asdo. Manoel Anxo García Torres